
2.2. Polo servizo de tratamento e depuración de excretas, augas pluviais, negras e residuais, establécese unha cota tributaria que se determinará mediante a suma dunha cantidade variable, resultante de multiplicar os m³ de auga consumida pola cota que corresponda de acordo co cadro que se achega, e unha cantidade fixa, por dispoñibilidade do servizo; así:

Consumos uso doméstico:	Compoñente variable
Sen consumo	0,00 € / m ³
Bloque 1 (0 < Q <= 6 m ³ /mes)	0,28 € / m ³
Bloque 2 (6 < Q <= 15 m ³ /mes)	0,28 € / m ³
Bloque 3 (Q > 15 m ³ /mes)	0,28 € / m ³
Consumos uso non doméstico:	Compoñente variable
Asimilable a doméstico	0,28 € / m ³
Non doméstico	0,35 € / m ³

	Compoñente fixa
Usuarios domésticos:	0,50 € / mes
Usuarios non domésticos:	0,50 € / mes

Será de aplicación a estas tarifas a refacturación por avaría coa finalidade de corrixir unha facturación excesiva por un consumo anómalo ou desproporcionado de auga doméstica, motivada por avaría na rede interior da vivenda, nos termos establecidos pola Xunta de Galicia.

A estes efectos, entenderase por uso doméstico, non doméstico e asimilable a doméstico, o definido para tales conceptos polo artigo 2 da Lei 9/2010, de augas de Galicia.

4. A cota tributaria a esixir pola prestación dos servizos do apartado 1.c) do artigo 2º, determinarase en función dos metros cúbicos de capacidade da cisterna ou depósito móbil dende o que se realice o vertido, aplicándose a tarifa de 0,25 euros por metro cúbico.

A tal efecto, o suxeito pasivo deberá presentar a documentación pertinente relativa ó volume do vertido no momento de solicitar a licenza.

Artigo 6º. - Beneficios fiscais.

A. Aplicarase unha bonificación do 100% sobre ó mínimo facturable na tarifa recollida no apartado 2.1 do artigo 5º da presente ordenanza fiscal a aqueles contribuíntes cuxos ingresos anuais sexan inferiores ó salario mínimo interprofesional referido a toda a unidade familiar, sempre que acrediten a súa falta de capacidade económica para o pagamento da cota correspondente, segundo informe dos servizos sociais do Concello de Cambre ó respecto. Os excesos facturaranse segundo as tarifas establecidas na alínea 2.1 do artigo 5º.

B. Aplicarase unha bonificación do 100% na taxa regulada na tarifa recollida no apartado 2.2 do artigo 5º da presente ordenanza fiscal, ás unidades de convivencia que acrediten atoparse en situación de exclusión social, entendendo por tal a formada por aquelas persoas que convivan nun mesmo domicilio e manteñan entre eles un vínculo por matrimonio ou análoga relación estable, por adopción ou acollemento, ou parentesco de consanguinidade ou afinidade ata o cuarto e segundo grao respectivamente.

Os requisitos que deben cumprir as unidades de convivencia para ter a condición de estar en risco de exclusión social serán as seguintes:

1. Enderezo para o cal se solicita a exención debe coincidir co enderezo en que está empadroada a unidade de convivencia.
2. Titular do contrato de subministración de auga potable deberá coincidir con algún dos membros da unidade familiar. Noutro caso, o solicitante deberá acreditar que é o pagador do recibo da taxa da auga.
3. Os ingresos totais da unidade de convivencia non poden superar o importe do indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM).
4. Polo menos unha das persoas da unidade de convivencia deberá estar en situación de exclusión social, por estar nalgunha das situacións que se enumeran a continuación:
 - a) Persoas perceptoras da renda de integración social.
 - b) Persoas perceptoras de pensións non contributivas nas modalidades de invalidez ou xubilación.
 - c) Persoas que non estando en ningún dos dous supostos anteriores teñan una ausencia ou déficit grave de recursos económicos unido a unha situación de desemprego ou imposibilidade de desempeñar un traballo remunerado e que contén con outros factores, evidenciados a través da súa traxectoria persoal, que agraven a situación de exclusión social ou o risco de padecela, recoñecidos na lexislación vixente da Comunidade Autónoma de Galicia.

C. Aplicarase unha bonificación do 50% na taxa regulada na tarifa recollida no apartado 2.2 do artigo 5º da presente ordenanza fiscal aos usos destinados a vivenda habitual das familias numerosas, non concedéndose respecto das restantes vivendas que poida ter calquera dos membros que constitúan a familia numerosa.

A bonificación na cota aplicarase sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- a) O enderezo para o cal se solicita a dedución debe coincidir co enderezo en que está empadroada a unidade familiar.
- b) O titular do contrato de subministración de auga potable debe coincidir con algún dos membros da unidade familiar. Noutro caso, o solicitante deberá acreditar que ten domiciliado o pagamento do recibo da taxa de auga nalgunha conta bancaria da que sexa titular.”

D. O recoñecemento das bonificacións contidas nos parágrafos B e C realizarase por resolución do órgano municipal competente á vista dos recoñecementos das mesmas polo organismo autonómico competente na cota íntegra do canon do auga ó abeiro do disposto no Decreto 136/2012, de 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do Canon do auga e do coeficiente de verteduras a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

(.....)”

Segundo: A antedita modificación comezará a aplicarse a partir do día seguinte á publicación do anuncio no boletín oficial da provincia da súa aprobación definitiva, e manterase vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

Terceiro: Expoñer ao público no taboleiro de anuncios do Concello o citado acordo provisional, así como o texto completo da ordenanza fiscal modificada durante o prazo de trinta días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de exposición no *Boletín Oficial da Provincia*. Igualmente publicarase o de exposición nun diario dos de maior difusión da provincia.

Durante o período de exposición pública da ordenanza, os que teñan un interese directo, nos termos previstos no artigo 18 do Real decreto legislativo 2/2004, poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións oportunas. Transcorrido o período de exposición pública sen presentar reclamacións, os acordos adoptados quedarán definitivamente aprobados.

Cuarto: Publicar no *Boletín Oficial da Provincia* os acordos definitivos que, unha vez transcorrido o período de exposición pública proceda adoptar, así como o texto da ordenanza modificada.»

Foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Seguridade Cidadá e Participación de data 19 de outubro de 2016, por catro votos a prol, correspondentes aos dous concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño e dona M^a Dolores Blanca García Fernández, titulares) e ás dúas concelleiras do PSdeG-PSOE (dona Josefa Vázquez Soto e dona M^a Jesús Gómez González, titulares). Abstivéronse os dous concelleiros do PP (don Juan M^a Abalo Castex e dona Marta M^a Vázquez Golpe, titulares), a concelleira de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López, titular), o concelleiro do BNG (don Brais Cubeiro Fernández, titular), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, manifesta que isto se trata da rede de sumidoiros, pero realmente o que se trata é da taxa sobre depuración. Como todo o mundo sabe, no ano 2013 o Concello de Cambre se adscribe en parte, unha parte proporcional á Edar-Bens, e, polo tanto, é socio cofundador desta sociedade. Transcorridos xa tres anos de funcionamento da sociedade, aquelas taxas que se aplicaron ao comezo sen saber moi ben como se garantían ou non a estabilidade da empresa, tres anos despois, se presenta unha nova proposta de ordenanzas de taxas, dada a experiencia que esa empresa ten neste sentido.

Continúa a dicir que fundamentalmente estes axustes de ordenanza se basean en axustar o prezo de operación ao seu valor real, trala experiencia de tres anos que levan, e igualar a todos os concellos na aplicación, posto que é un feito que temos que igualar, porque participamos na empresa Edar- Bens, sobre todo, nos seguintes aspectos: nas avarías, que antes non estaban consideradas na ordenanza anterior; avarías, que cando hai unha avaría nunha peza, o propietario non pague a totalidade da depuración. Hai que facer un inciso, a depuración se paga por aquel medidor que procede do abastecemento da auga, polo tanto, mides a auga que gastas, tes unha avaría, estás a utilizar máis auga da pertinente e, polo tanto, se che cobra como depuración. Nestes casos, aplicase unha ordenanza para que esta xente non pague a totalidade, porque ás veces son prezos irracionables.

Continúa a dicir que a segunda cuestión está en unificar criterios sobre a declaración do Risga, é dicir, naquelas familias que están en certo grao de risco e os beneficios fiscais e as bonificacións. Ata o de agora, cada concello tiña a súa forma de aplicar este criterio. El cre que mellor é unificar co criterio que ten a Xunta. A Xunta fai a declaración do Risga e o Concello o que fai é aceptar esa declaración e aplicar as bonificacións. Parécelle máis coherente. En definitiva, isto é o máis substancial da modificación da ordenanza.

Concedida a palabra a dona Marta Maria Vázquez Golpe, concelleira do PP, cre que do que explicou agora mesmo o señor Leirós ao que se publica hoxe na prensa hai un abismo. Di que quen lese algún titular de prensa, e algún contido dalgunha noticia que se publica hoxe nalgún medio, verá que o goberno anuncia aos catro ventos que se bonificará cun cen por cen a todas aquelas familias que se atopen nunha situación cunha renda inferior ao salario mínimo interprofesional e ademais que se bonificaría tamén aquelas familias que pertencen a unha familia numerosa, como se fose algo novo, que houbese sacado o grupo de goberno da manga neste ano e medio, cando o real é que esas bonificacións estaban, e ademais lle vai a dicir, incluso, son anteriores ao goberno do grupo Popular.

Di que, polo tanto, son reformas que veñen xa dos anos 90, e pregunta igualmente, non sabe que lle parece ao grupo socialista que o goberno estea alardeando dunha nova falsidade e visión falsa da realidade na prensa, publicando noticias que non se corresponden para nada co que é a realidade e enganando, de novo, aos veciños de Cambre, cando realmente a única modificación é a bonificación do Risga, como ben sinalaba agora o señor Leirós, e para isto, que ven imposta pola Edar-Bens.

Continúa a dicir que polo que se refire aos aspectos técnicos da modificación, o seu grupo non ten nada que obxectar, porque é un estudo económico a partir dunhas táboas de gasto que se fai a través da Edar, non se vai meter con ese estudo económico, simplemente quere dicir que o que non lle parece moi razoable é que se suba a tarifa nunha cantidade mínima, pero á fin e ao cabo, é unha subida como son estes 0,50 euros mensuais.

Por todos estes motivos que está alegando, o voto do seu grupo vai a ser a abstención.

Concedida a palabra a don Antonio Bruquetas Santos, concelleiro de Asemblea Cidadá de Cambre-SON, manifesta que o seu grupo ve positiva esta nova regulación dos beneficios que poidan ter as persoas en risco de exclusión social. Como sempre, ve, un pouco collido, no tema dos tempos e nas prioridades. Pensa que ao mellor, antes de que se puxeran a falar destes temas, do control, da taxificación, dos servizos, deberíamos ter as empresas, insiste neste tema, contratadas dunha forma legal, as empresas que se van encargar despois do control do caudal das augas.

Non obstante, como dixo antes, as medidas as ve positivas, polo tanto, o seu grupo se vai abster.

Concedida a palabra a don Brais Cubeiro Fernández, do BNG, manifesta que o voto do seu grupo vai a ser a abstención.

Concedida a palabra a dona Maria José García Hidalgo, concelleira do GM (C's), manifesta que cando neste ano no pleno do mes de febreiro se tratou a modificación desta mesma ordenanza fiscal con motivo da taxa a aplicar en caso de avaría, o seu grupo votou en contra. Viu como efectivamente iso ía afectar á actualización da tarifa da depuración. Polo tanto, cre que se debe de abster, dado que no mes de febreiro votou en contra, o seu grupo se vai abster porque cre que aínda quedan moitísimas modificacións por realizar e espera que se vaian facendo e, entón, quizais votarán a prol máis adiante, pero cando todas esas modificacións avancen e non sexan remendos unhas cousas enriba doutras.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC e os catro concelleiros do PSdeG-PSOE. Abstéñense os seis concelleiros do PP, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG, a concelleira do GM (C's) e o concelleiro non adscrito.

O Pleno municipal, por nove votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.4. Mocións urxentes en asuntos de competencia de pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, manifesta que se trata dun proxecto do POS do ano 2013, que foi non eficientemente xestionado por parte de todos ata o de agora. Necesítase aprobalo porque os prazos para rematar o proceso finalizan, polo tanto, se perdería unha oportunidade dunha subvención que se ten de perdela. A que vén debido isto. Pois, debido a uns problemas técnicos do primeiro proxecto, que a empresa puxo dificultades en executar, agora é o momento de tomar a decisión oportuna para rematar con isto, se non perderán a subvención.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da proposta presentada polo concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros do PP, os cinco concelleiros de UxC, os catro concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG, a concelleira do GM (C's) e o concelleiro non adscrito.

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que o compoñen, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

Única: Aprobación, se procede, do proxecto modificado nº 1: “Nova rede de pluviais no polígono industrial do Temple e redes de abastecemento na Pega (Cambre) e Apartada (San Lourenzo), Cambre 2012”, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) Adicional 1/2013, financiado coas baixas de licitación do POS 2013 BASE

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio do día 25 de outubro de 2016 que consta do seguinte teor literal:

«O mes de decembro de 2012, redáctase o proxecto denominado “Nova rede de pluviais no polígono industrial do Temple e redes de abastecemento na Pega (Cambre) e Apartada (San Lourenzo), Cambre 2012”, no marco das bases reguladoras do “Plan de obras e servizos 2013 (POS)”, como un dos proxectos que se presentan ao plan complementario.

O dito proxecto foi aprobado polo pleno municipal de Cambre en sesión ordinaria do 27 de decembro de 2012.

Con data 23 de xaneiro de 2013 recíbese escrito procedente da Excm. Deputación Provincial, Sección de Plans Especiais, no que despois de revisar a documentación remitida, solicitan a corrección das deficiencias detectadas e, polo que se refire a este proxecto, solicítase incluír un Estudo de xestión de residuos con base no cumprimento do R.D. 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición.

Corrixido o proxecto en xaneiro de 2013 (se ben na súa portada figura decembro de 2012), é aprobado polo pleno municipal de Cambre en sesión ordinaria do 31 de xaneiro de 2013.

Con data 30 de xaneiro de 2014 rexístrase de entrada ao nº 0/783, procedente da Sección de Plans Especiais, Circular da Excm. Deputación Provincial para contratar as obras incluídas no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) Adicional 1/2013 autorizando o inicio do expediente de contratación.

Na dita Circular faise constar que o pleno da Deputación, en sesión ordinaria do 22 de febreiro de 2013, aprobou a primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2013 e o seu Plan

complementario, figurando a obra de Cambre “Rede de pluviais polígono do Temple e outras” cun orzamento de 165.401,63 euros, condicionada á obtención de dúas autorizacións.

A dita obra foi incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) Adicional 1/2013, financiado coas baixas de licitación do POS 2013 Base e aprobado mediante Resolución da Presidencia da Corporación provincial do 17 e 20 de decembro de 2013 (cuxo financiamento, segundo a Circular da Deputación Provincial rexistrada de entrada ao número 17.387, o día 30 de decembro de 2013 é a seguinte: Concello, 82.013,33 e Deputación, 83.388,30 euros), e tendo xustificado o concello a obtención das autorizacións ás que estaba condicionada a aprobación definitiva da obra, mediante Resolución da Presidencia da Deputación do 23 de xaneiro de 2014 se declararon cumpridas as condicións e definitivamente aprobada a obra.

Concédesese como prazo para realizar a adxudicación ata o 30 de xuño de 2014, con posibilidade de solicitar prórrogas, e en canto á execución, e segundo transcripción literal:

“... estas deberán quedar totalmente executadas antes do 1 de novembro do ano seguinte a aquel no que se concedera a subvención, agás casos excepcionais nos que se poderá solicitar xustificadamente unha prórroga e esta non poderá exceder dos tres anos contados dende a data da adxudicación da obra ou do acordo da súa execución pola Administración. Polo tanto, os concellos deberán ter totalmente finalizadas e certificadas as obras antes do 1 de novembro de 2014 agás os supostos excepcionais referidos e co límite dos tres anos contados dende a adxudicación da obra.”

Por Resolución nº 2696/2014, do 22 de decembro, do concelleiro delegado da Área de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación, foi adxudicada a obra, formalizándose o contrato o 8 de xaneiro de 2015, e a acta de comprobación de replanteo o 6 de febreiro de 2015.

Faise constar que no último proxecto aprobado polo pleno municipal de Cambre, así como pola Excma. Deputación Provincial da Coruña, se ben se incluíu un Anexo nº 4. Xestión de residuos., nel non se incluíu a valoración, e tampouco figura no orzamento do proxecto en capítulo independente.

Con data 18 de maio de 2015, e número de rexistro de entrada no concello 0/4321, don Manuel Pisos Veiga, como director das obras, segundo Resolución 427/2015 do concelleiro delegado da Área de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación, presenta o informe nº 3 no que se indica que se ben non existe partida específica no anexo de xestión de residuos, si que existen unidades de obra orzamentadas no proxecto nas que se inclúe a xestión dos residuos. Non obstante, fai constar que aínda incluíndo “valoración parcial do custo previsto para a xestión de residuos con códigos LER 170101, 170302 E 170904, non se inclúe a valoración do resto de residuos que figuran no proxecto, en concreto segundo a táboa extraída do Anexo 4 do proxecto:

Táboa 1.

Código LER	Tipo de RCD	Tns
170302	Metals	0,27
200101	Papel	0,03
170203	Plástico	0,16
200201-0301	Lixo	0,76
Varios	P. perigosos	0,44

Solicita ao órgano de contratación autorización para o inicio do expediente de modificación do proxecto, incluíndo desta forma os prezos de xestión que faltan no proxecto.

Por Resolución nº 1007/2015, do 9 de xuño, polo órgano de contratación autorízase o inicio do expediente de modificación do proxecto da obra incluída no POS 2013 complementario, para dar solucións ás cuestións formuladas polo director das obras no seu informe 18 de maio anteriormente referido.

Con data 6 de xullo de 2015 rexístrase de entrada ao nº 0/6277, o denominado “Informe nº 4” do director de obras don Manuel Pisos Veiga, no que valora os residuos correspondentes á táboa1, figurando no Resumo do orzamento de execución material do proxecto modificado, un Capítulo 4.- Xestión de residuos por importe de 531,84 €, segundo consta a continuación:

RESUMO DE ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL DO PROXECTO MODIFICADO

CAPÍTULO 1.- ABASTECIMIENTO	18.706,06.-
CAPÍTULO 2.- PLUVIAIS	95.284,16.-
CAPÍTULO 3.- SEGURIDADE E SEGUEMENTO	880,00.-
CAPÍTULO 4.- XESTIÓN DE RESIDUOS	531,84.-
SUMA	115.402,06.-

Por Resolución nº 1368/2015, do 6 de agosto, do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Obras e Servizos, aprobouse o denominado "Informe nº 4" de referencia.

Despois de diversas incidencias procedimentais, a obra non foi iniciada polo contratista, e a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 10 de outubro de 2016, acordou que, no suposto de que o adxudicatario non presente o Plan de xestión de residuos no prazo concedido para o efecto, redactarase: "pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal un proxecto modificado no que, dentro do orzamento, e en capítulo independente, se inclúa unha valoración da totalidade do custo previsto para a xestión de residuos, incluíndo os valorados por ela mesma no Anexo número 2. Xustificación de prezos, e no orzamento, así como os valorados polo director de obra no denominado Informe nº 4 do 6 de xullo de 2015."

Con data 18 de outubro de 2016, rexístrase de entrada ao nº 0/9058, escrito presentado polo contratista adxudicatario ao que achega:

Como Documento nº 3, Plan de xestión de residuos de data 18 de outubro de 2016, que se corresponde cos residuos valorados no Anexo número 2. Xustificación de prezos, e no Orzamento do proxecto facilitado ao contratista.

Como Documento nº 4, valoración dos ditos residuos por importe total de 27.125,04 €, de data 18 de outubro de 2016, que se corresponde co Plan de xestión de residuos presentado o 20 de abril de 2016, valoración que non foi admitida cando se aprobou o modificado da obra (Resolución nº 1368/2015, do 6 de agosto), e que ten sido rexeitada novamente en acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local de data 10 de outubro de 2016.

Tendo en conta que a valoración da xestión de residuos non se corresponde coas unidades xa valoradas nos documentos do proxecto que se lle facilitou, proxecto que ten carácter contractual, tal e como establece a cláusula 1.1. do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o contrato e aceptadas polo contratista coa presentación da oferta e a formalización do contrato "O conxunto de documentos que compoñen o proxecto considérase que forman parte integrante deste prego, tendo carácter contractual", dáse cumprimento ao acordo de referencia e, polo tanto, á redacción do presente "Proxecto modificado nº 1: Nova rede de pluviais no polígono industrial do Temple e redes de abastecemento na Pega (Cambre) e Apartada (San Lourenzo), Cambre", consistindo unicamente estas modificacións na introdución no anexo de xestión de residuos da valoración das unidades de obra correspondentes ao tratamento de xestión de residuos e á actualización da normativa que se teña introducido dende o ano 2012.

Para iso, subtraéronse dos prezos descompostos os importes correspondentes á xestión de residuos e ao canon de vertido de áridos, formigóns e asfalto, para engadilos a un terceiro capítulo independente do orzamento denominado Xestión de residuos. Este importe tamén se incorporou á valoración económica do anexo de Xestión de residuos, valoración ausente, como vimos, no proxecto orixinal, a cal motiva en parte a redacción deste modificado. Tamén se incluírán, tanto no novo capítulo tres, como no anexo de Xestión de residuos, a valoración económica introducindo a valoración das unidades de obra correspondentes ao tratamento e xestión dos residuos non valorados no proxecto, aínda que si cuantificados volumetricamente, no Anexo de xestión de residuos do proxecto "Nova rede de pluviais no polígono industrial do Temple e redes de abastecemento na Pega (Cambre) e Apartada (San Lourenzo)" e que se refiren na táboa anexa.

Táboa 1

Código LER	Tipo de RCD	Tns
170302	Metals	0,27
200101	Papel	0,03
170203	Plástico	0,16
200201-0301	Lixo	0,76
Varios	P. perigosos	0,44

Visto o informe da enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë, emitido o 25 de outubro de 2016.

Propoño ao Pleno a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Aprobar o proxecto modificado nº 1: “Nova rede de pluviais no polígono industrial do Temple e redes de abastecemento na Pega (Cambre) e Apartada (San Lourenzo), Cambre 2012”, elaborado pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë, cun orzamento de execución por contrata de 166.166,99 €, incluído no Plan de Obras e Servizos, POS 2013, como proxecto complementario.

Segundo: Dar traslado do acordo adoptado polo Pleno á Deputación Provincial da Coruña.»

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, manifesta que é, como xa dixo no título deste punto, o plan adicional do POS do ano 2013. Estaba fundamentalmente a rúa do Polígono para facer, para asfaltar e realizar unhas beirarrúas e parte das pluviais. Houbo un problema técnico, no cal non se incorporaba o plan de residuos como un anexo ao proxecto, o que a lei establecía que tiña que ser anexo ao proxecto e, polo tanto, a empresa construtora, o vai a dicir así de claro para non andar con medias tintas, quixo aproveitar a ocasión para cobrar 27.000 euros ao concello nese plan de residuos.

Continúa a dicir que ese plan de residuos comezou unha operación, como acostuma ser na vía administrativa, de eu che envío un escrito ti me envías outro, constestamos, presentamos alegacións e foi pasando o tempo. Mesmo, nun momento dado, visto o expediente é claro que o expediente quedou aí porque era un expediente molesto, como hai moitas veces, e aparecen outros, non por deixadez, senón porque aparecen outros, e se vai instalando noutras operacións e se queda aí. Chegado este momento, cando toma a concellería, hai pouco, descubriu ese proxecto, a verdade é que o descoñecía, porque estaba noutros departamentos, viu a necesidade de resolver o problema, dado que se quedaba sen a subvención. Cal é a cuestión. A cuestión que se tratou de negociar dunha maneira razoable coa empresa que acabara a obra, posto que o outro implicaba modificar o proxecto, porque había evidentemente que adaptarse á lei de residuos, entón levaba unha serie de inconvenientes. A empresa deu largas unha vez, outra vez, outra vez; iso si, de boas maneiras sempre, educadamente, pero largas; co cal, chegueu un momento que, educadamente, tamén houbo que dicir que se liquidaba o prazo de intencionalidade e que había que pasar ao prazo de executividade. Agora aquí é onde estamos.

Continúa a dicir por que presenta isto ao pleno. Porque o novo proxecto ten que ser aprobado, que é o novo proxecto é a mesma cantidade soamente con cincocentos euros máis. Cincocentos euros que pertencen a tres calidades, que son os metais, os cartóns e o aceiro que non estaban incorporadas no proxecto anterior, nas partidas orzamentarias. E, ademais das partidas orzamentarias anteriores, que tiñan unha parte proporcional de residuos en cada partida, hai que sacar eses elementos, isto é no que consiste, pero hai que aprobalo polo Concello e tamén pola Deputación, co que, vai a levar un longo, non longuísimo, pero longo prazo e se necesita aprobalo para adquirir a subvención. Isto é en resumo a cuestión e o tema.

O señor alcalde intervén para facer unha corrección que é que non lle dixeron a empresa que rematara a obra, senón que a iniciara.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, dille ao señor Leirós que o ten que felicitar por ter levado o proxecto adiante. De todos os xeitos, non cre que fora por negligencia do anterior goberno local, como dixo o señor Leirós.

Continúa a dicir que o señor Leirós sabe perfectamente, e o acaba de explicar, cales foron os altibaixos que sufriu a empresa. A empresa non quería facer a obra, de ningunha maneira, quería simplemente cobrar máis. Iso é moitas veces a pistola que lle poñen na cabeza aos rexedores dos concellos, ou aos concelleiros dos

concellos, precisamente para sacar máis tallada cando se fai unha oferta á baixa. Caso desta empresa. El sabe perfectamente que o concelleiro de obras naquel momento fixo todo o posible por chegar a un acordo coa empresa adxudicataria desta obra. Pero dicir que lamenta a negligencia do anterior goberno local. El tenlle que dicir ao señor Leirós que o presenta ao pleno porque se non perde unha subvención e ao señor Leirós non lle parece negligente que no plan de medioambiente da Xunta que se presenta pasado mañá ao Pleno da Deputación, Cambre nin sequera se presenta a subvención, ou se se presenta, preséntase fóra de prazo, o único concello, Cambre e Fene. É iso non é negligencia. Pois son 37.000 euros que acaba de perder Cambre. Iso si é negligencia.

Continúa a dicir que, de todas as formas, este proxecto loxicamente o seu grupo o vai a votar a prol.

Concedida a palabra a don Antonio Bruquetas Santos, concelleiro de Asemblea Cidadá de Cambre-SON, manifesta que, a pesar de que este proxecto se lles entrega dunha maneira un pouco precipitada e é difícil estudar este volume de traballo, de todas formas é ben certo que isto vén de moi atrás, non vai entrar tampouco nesta dialéctica de quen foi a culpa, o caso é que non se fixo ata agora e se está a piques de volver a perder unha subvención, polo tanto, o seu grupo vai a votar a prol desta proposta.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que o voto do seu grupo vai a ser favorable.

Concedida a palabra a dona Maria José Garcia Hidalgo, concelleira do GM (C's), manifesta que o seu grupo vota a prol.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós dille ao señor Rivas que debería de saber que un dixo o que di, non o que din que dixo, e o señor Rivas disto ten moita experiencia respecto do periódico. Cando se quitou o bigote, dicían que se o quitaba porque o quitaba, el non sabe porque, dálle igual, porque neses temas non vai entrar. O que dixo o periódico, dixo o que di. O que di el, di o que di. Xa está. Di o que di, rematou pola súa parte. Entón, isto é o que lle quería aclarar. E o señor Rivas disto debe ter moita experiencia. El o que dixo, o que di, é o que dixo aquí, non vai entrar en discusión de quen tivo a culpa. O importante é facer o proxecto e acabalo. Iso é o que necesita Cambre, e a el e, cre que ao goberno municipal, é o único que lle interesa.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad manifesta que o señor Leirós lle di que o periódico porá o que queira, el di non soamente o do periódico, senón que o señor Leirós iniciou na xustificación precisamente para votar a urxencia, dixo practicamente o mesmo. Non vai entrar en disquisicións. É o que necesita Cambre. É o que necesita O Temple. É o que necesita A Pega. Está de acordo e xa lle dixo que o seu voto o vai a votar a prol, porque eses cartos veñen da Deputación. Pero tamén lle di, o que dixo tamén llo volve a repetir. Iso é negligencia ou non presentarse a unha subvención que está dada.

Don Juan González Leirós di que remata o tema. O tema da negligencia, dille ao señor Rivas que deixe pasar o tempo, que teña un pouco de calma e, quizais, outro día se trata aquí o tema do expediente de medio ambiente.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os seis concelleiros do PP, os cinco concelleiros de UxC, os catro concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG, a concelleira do GM (C's) e o concelleiro non adscrito.

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que o compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

3. PARTE DECLARATIVA

3.1. Declaracións institucionais

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da declaración institucional presentada polos grupos municipais que compoñen a Corporación e polo concelleiro non adscrito. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros do PP, os cinco concelleiros de UxC, os catro concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG, a concelleira do GM (C's) e o concelleiro non adscrito.

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que o compoñen, aprobou a declaración de urxencia da proposta presentada.

Única: Declaración institucional dos grupos municipais que integran a Corporación (PP, UxC, PSdeG-PSOE, ACdC-SON, BNG e C's) e do concelleiro non adscrito, na que amosan o seu rexeitamento ao ERE de Extel e demandan á empresa unha saída consensuada co persoal

Consta do seguinte teor literal:

“Moción dos traballadores de Extel.

Os traballadores queremos manifestar neste pleno os motivos que alude a empresa para facer este despedido colectivo:

A empresa Extel, grupo Adecco, que presta os servizos de atención ao cliente de Movistar, está en pleno expediente de regulación de emprego, no cal vanse ver afectados diferentes centros que ten por todo o territorio nacional.

A empresa pretende despedir a 355 traballadoras/es indefinidos ou de obra ou servizo e 330 eventuais que levan encadeando contratos de maneira fraudulenta e que a empresa deixará de contratar segundo nos indica. As causas que propician este ERE, segundo a empresa, é un simple correo electrónico por parte do seu cliente, Movistar, onde lle indica que a partir do 1 de outubro o tráfico de chamadas reducirase. Feito que non se corresponde coa realidade, xa que sucedeu todo o contrario, dende esta data hai máis carga de traballo, máis aínda da que xa había.

O centro da Coruña é o máis afectado con 205 do total de despedimentos, sen unha resposta clara por parte da empresa, xa que as chamadas poden ser desviadas, como así fan dun centro a outro en función dos seus intereses.

Dende a parte social solicitouse coñecer onde vai esa carga de traballo que, supostamente, Movistar lles quita. Se será xestionada por outra empresa do sector en España ou se é por un proceso de deslocalización do sector cara a outros países onde as condicións laborais son aínda máis indignas que as que padecemos aquí e sen ningún amparo das leis de protección de datos.

Consideramos que non hai unhas causas xustificadas nin acreditadas para este expediente. Hai que ter presente que, tanto Movistar, como as súas subcontratas, teñen beneficios millonarios. Todo fai indicar que o obxectivo real é agrandar aínda máis esa marxe de beneficios.

Extel, por outra banda, conseguiu unha adxudicación para atender o servizo de atención ao cliente de Correos. Nunha manobra perversa, xa que coñecendo isto, a empresa puido distribuír a carga de traballo e evitar así o inicio deste expediente.

Por todo isto, os traballadores de Extel, a través de todos os grupos políticos da Corporación municipal, presentamos a seguinte moción, para o seu debate e aprobación no pleno de outubro:

- O conxunto da Corporación comprométese a pedir publicamente tanto a Extel como a Movistar, responsable directa deste ERE, que aclaren, na medida do posible, onde se vai prestar o servizo de atención ao cliente, xa que as chamadas non desaparecen dun día para outro.

- O conxunto da Corporación solicita publicamente á derogación das últimas reformas laborais que permiten que unha empresa poida iniciar un expediente de regulación de emprego sen contar coa autorización da autoridade laboral competente, permitindo así que dunha maneira unilateral e sen unha firme acreditación, as/os traballadoras/es poidan perder os seus postos de traballo. Isto supuxo un retroceso nos dereitos laborais e unha maior precarización do sector do telemarketing.
- O conxunto da Corporación manifesta o seu rexeitamento público e firme contra o ERE.
- As diferentes forzas políticas presentes no Concello de Cambre comprométense a comunicar aos cargos de responsabilidade dos seus respectivos partidos presentes noutras institucións esta situación e solidarízanse con ela, e a solicitar a Movistar e Extel explicacións das verdadeiras intencións que se ocultan neste ERE.
- O conxunto da Corporación manifesta o seu compromiso para adoptar todas as medidas ao seu alcance para deixar sen efecto este ERE e a loitar a longo prazo por mellorar as condicións do sector, que tan relevante é nesta cidade. Lamentablemente é un exemplo de precariedade laboral, da eventualidade e dunhas condicións incompatibles coa dignidade do posto de traballo.”

O señor alcalde manifesta que esta é unha moción que remitiu aos voceiros por parte dunha parte dos traballadores. Non obstante, o Partido Popular fixo un apuntamento que non era exactamente igual á moción que se presentou na Coruña, que se aprobou por todos os grupos municipais. Entón presentou a moción que se aprobou na Coruña.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os seis concelleiros do PP, os cinco concelleiros de UxC, os catro concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG, a concelleira do GM (C's) e o concelleiro non adscrito.

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que o compoñen, aprobou a declaración institucional tal e como foi transcrita.

3.2. Mocións dos grupos municipais

O señor alcalde manifesta que, para que tamén os veciños e veciñas saiban, había unha moción de Asemblea Cidadá de Cambre que non entra por fóra de prazo, pero si que a traballaron e a presentaron. Había tamén rogos e unha moción do GM (C's) que lle sucedeu igual, e que non van a tratar hoxe.

4. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

4.1. Informes do equipo de goberno

De orde do Sr. presidente, a secretaria xeral dá conta dos seguintes asuntos:

- Da Resolución de Alcaldía núm. 1632/2016, do 14 de outubro, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“**Primeiro:** Avocar a delegación especial efectuada a prol de dona María Dolores Blanca García Fernández dende o día 7 ao 18 de novembro de 2016 ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 18 de marzo de 2016.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución de Alcaldía núm. 1695/2016, do 25 de outubro, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“**Primeiro:** Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de dona Josefa Vázquez Soto dende o día 18 ao 22 de novembro de 2016, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 18 de marzo de 2016.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución de Alcaldía núm. 1702/2016, do 26 de outubro, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“**Primeiro:** Deixar sen efecto a Resolución da Alcaldía número 1697/2016, do día 25 de outubro de 2016.

Segundo: Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de don Juan González Leirós dende o día 9 ao 18 de novembro de 2016, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 18 de marzo de 2016.

Terceiro: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

4.2. Rogos

Rogos do Partido Popular presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/122 o día 21 de outubro de 2016, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º. O pasado 29 de xullo, os cento cincuenta e seis concelleiros dos nove concellos que forman parte do Consorcio das Mariñas, foron convocados para aprobar provisionalmente os estatutos da futura Mancomunidade das Mariñas; paso previo para a transformación do Consorcio en Mancomunidade.

Apenas dous meses e medio despois daquela aprobación inicial de estatutos, vémonos sorprendidos pola mediática sinatura da declaración de Maria Pita, coa que o alcalde da Coruña e os alcaldes de Betanzos, Bergondo, Culleredo, Sada, Oleiros e Cambre instan ao goberno da Xunta de Galicia e ao Parlamento galego a formular e tramitar o proxecto de lei de creación da área metropolitana da Coruña, “previamente consensuado cos concellos respectivos e presidido polos principios de diálogo e a cooperación institucional, así como o de participación pública da cidadanía”.

Ante este sorprendente cambio de rumbo en apenas dous meses e medio, onde pasamos da aprobación provisional dos estatutos da futura mancomunidade de municipios en que se vai a transformar o actual Consorcio das Mariñas, á creación urxente dunha área metropolitana, o grupo municipal Popular considera necesario que o señor alcalde de Cambre dea explicacións en sesión plenaria, do inicio unilateral deste proceso sen ter contado co consenso necesario e desprezando tanto o diálogo como a decisión adoptada pola maioría absoluta dos concelleiros dos municipios que forman parte do Consorcio das Mariñas.

O señor alcalde manifesta que en verdade, dille ao señor Rivas, que viña convencido hoxe despois das declaracións que seguramente o señor Rivas leu na prensa, que ía retirar este rogo, porque, que diga que el precisamente como alcalde que asine de forma unilateral un proceso que dende logo lle faculta a súa posición, porque é simplemente o inicio, unha declaración de intencións que ademais, cre que debe saber, que se presentará ao vindeiro pleno porque hai que aprobala nos plenos e así quedaron todos en aprobalas en cada un dos plenos.

Pensou que a ía retirar, porque, os que non asinaron isto, porque di, eles son unhas persoas que ata o de agora se din si é si e cando din non é que se equivocan e piden perdón e din porque se equivocan ou porque fixeron as cousas. Non son alcaldes, e así o manifestou e o di aquí publicamente, porque llo di e eles tamén, que hoxe din

si e mañá din non, sen ningún tipo de explicación; pero o máis curioso é que pasado mañá volven a dicir que si e tamén, sen ningún tipo de explicación.

Dille ao señor Rivas que sabe que onte houbo unha reunión no Consorcio das Mariñas onde se acordou polos nove concellos asinar todos esta declaración de intencións. O señor Rivas sabe perfectamente que ten que presentar ao pleno a decisión de continuar coa área metropolitana e logo a decisión de incorporarse ou non a unha área metropolitana. Iso hai que facelo si ou si. Entón, continúa a dicir, se se despreza o diálogo, ou a decisión de todos, cre que, dende hai moitos anos, o alcalde que máis informou á oposición do que fai no Consorcio, ou na Edar de Bens, ou en calquera outro organismo a onde vai, é el. Non foi o señor Rivas, por certo, brillou pola ausencia de información que lle daban, e tivo que solicitar varias veces por rexistro, varias veces, e iso o pode constatar cando el queira.

O señor alcalde di que non despreza absolutamente a ningún. O que fai é asinar unha declaración de intencións como alcalde e logo o presenta ao pleno e aquí, o señor Rivas votará, veremos a ver que vota no vindeiro pleno nesa declaración de intencións, que imos ver se se despreza a si mesmo.

En segundo lugar, porque imos pasar dunha área, que tampouco é discusión hoxe, dun consorcio que está abocado a desaparecer, a unha mancomunidade cando se pode pasar directamente a unha área metropolitana. Non ten ningún tipo de sentido enredar neste tema. O que sucede é que ao Partido Popular lle parece moi mal que un partido como é En Marea saque da chistera algo que nin o partido socialista na súa época gobernando na Coruña con Paco Vázquez e con Losada nin tampouco co Partido Popular foron capaces de asinalo co resto dos concellos.

Éstalle moi agradecido, e díxoo publicamente, e el como alcalde o repite, moi agradecido o señor Xulio Ferreiro por todo o apoio que lle dá a Cambre, cando foi o tema da Vía Ártabra, que foi o primeiro alcalde que veu aquí sen ser a dar un mitin, e el non é de Marea, que quede claro. Pero éstalle moi agradecido como alcalde que apoiase o Concello de Cambre e as reivindicacións que el fai con mocións aprobadas durante dúas lexislaturas con respecto da Vía Ártabra.

E está moi agradecido tamén que entenda que os problemas que ten dende o Concello de Cambre, no Concello de Cambre son problemas que tamén ten o Concello da Coruña e que se ten que buscar unha solución conxunta. Por iso, se fixo, isto dille ao señor Rivas.

O señor alcalde continúa a dicir que el non despreza absolutamente a ninguén. Onte, os nove concellos quedaron en aparcar a mancomunidade, mentres non se resolva o tema nos distintos concellos da área metropolitana. É así son as cousas. Cre que xa estivo máis ca explicado. O señor Rivas sabe que o chamou para dicirlle isto foi o que quedou á saída da Coruña, mandoulles a todos ao día seguinte a documentación que se lle facilitou. Pregunta falla de información, desprezo. Di que, daquela o que tiña el cando estaba na oposición, xa non sabe como chamalo.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad manifesta que ninguén está en contra da creación da área metropolitana. Ninguén. Ninguén está en contra nin agora nin durante o mandato que estivo el, nin quizais nos mandatos anteriores. Que ao mellor non tiveron a suficiente astucia para levala a cabo, simplemente presentou este rogo ao Pleno, é precisamente porque o que quería é esa explicación. Porque, el particularmente, e quizais todo o seu grupo, non entendía o apuro de reunirse un luns e asinar esta declaración un mércores. Moita xente non tivo tempo nin sequera a reunirse e falar deste asunto. Ninguén está en contra da área metropolitana e, é máis, cre que todos están de acordo que a área metropolitana se ten que expandir, ten que ser maior, non soamente os concellos que conforman o Consorcio das Mariñas actual ou a futura mancomunidade, se é que chega a existir. Todos están de acordo. O que botaba de menos é precisamente esta explicación que acaba de dar o señor alcalde e lle pide perdón e di que non fai falta enfadarse. O que dixo é unha realidade. Podía ter chamado a todo os voceiros a unha reunión esa mesma tarde, ao día seguinte, é dicir, van asinar esta

declaración pasado mañá, simplemente. El buscaba a explicación. Por iso o rogo di claramente explicación. Nada máis.

O señor alcalde dille ao señor Rivas non era asinar. Era precisamente, o señor alcalde da Coruña pediu asinar o mércores e, non obstante, o señor Santiso, que é presidente do Consorcio e ademais membro do Partido Popular, pediu que fora o xoves, non o mércores, porque tiña que dar algún tipo de explicación e se lle cambiou para xoves, non foi o mércores, foi o xoves. En segundo lugar, cre que ao día seguinte desta reunión, o señor Rivas recibiu no seu correo electrónico o que el asinou, así como todo o resto de voceiros. Non sabe porque se tiñan que reunir, que era simplemente ler unha declaración de intencións, non é máis que iso o que asinou, se o señor Rivas o leu, que supón que si.

Concedida a palabra a don Antonio Bruquetas Santos, concelleiro de Asemblea Cidadá de Cambre-SON, manifesta que dende o seu grupo tamén se pregunta como para outras reunións si que se lles convocou os concelleiros dos grupos, para esta tamén lle houbera gustado, cando menos, ter noticias antes da reunión.

O seu grupo é consciente, ao mellor, os tempos non son os máis axeitados, coma sempre, pero, felicita a unión e a creación da área metropolitana da Coruña. Pensa que o futuro da comarca pasa por ese estado.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que dende o Bloque Nacionalista Galego, di que non acostuman a facelo, pero neste caso si, porque considera que a cuestión ten unhas dimensións e unha importancia fundamental. Di que non acostuman a facelo, isto de aplaudirse a eles mesmos, pero neste caso si o van a facer. Por que. Porque o pasado 29 de xullo, naquela tarde calorosa do estío bergantiñán, os concelleiros do Bloque Nacionalista Galego na comarca da Coruña, apenas unha ducia entre cento cincuenta e pico, como ben di o rogo que presenta a este pleno o Partido Popular, defenderon en solitario a inmediata posta en marcha do proceso de creación da área metropolitana da Coruña. E algún castrón riuse deles. E tiveron que aguantar miradas de todo tipo, actitudes de todo tipo, de todo tipo, menos democráticas, menos limpas, menos dalgunha maneira, é dicir, por así dicilo, educadas e cortés cara as súas propostas. Mesmo, por parte dalgún alcalde da área metropolitana. Perderon aquela votación. Votaron en contra. Fixérono felizmente acompañados por un membro desta corporación, que é o compañeiro Bruquetas. Hoxe, efectivamente, apenas dous meses e medio despois, están andando un camiño que lles gusta andar, que lles gusta transitar. O seu grupo quere que sexa da maneira máis participativa, máis aberta e máis plural posible. Por suposto que si.

Di que dentro disto, tamén quere ponderar a importancia que teñen as cousas. Entende, e o quere dicir así, que se entenda, que esa, efectivamente, mediática declaración de Maria Pita é unha declaración de alcaldes que non ten ningún tipo de validez, por así dicilo legal, que iso será a partir do que aproben os plenos. Gustáranos máis, gustáranos menos, pero non reprocha, neste caso, ao alcalde de Cambre ter asinado ese documento, porque entende que o fixo no exercicio da súa posición, do seu cargo, sen comprometer, en absoluto, a palabra do pleno e que terán no seu momento o oportuno debate plenario, se esa moción realmente se presenta, supón que para o vindeiro mes, a este pleno.

Pregúntase se todo o mundo está a favor da área metropolitana. Oiga, o alcalde de Arteixo, pois non sabe. Debe estar a favor da área metropolitana de Arteixo. Porque realmente non está dando mostras de que estea moi polo labor en absolutamente nada que teña que ver con compartir servizos e con camiñar cara a unha maior conexión entre todos os concellos da área metropolitana.

En tal caso, o Bloque Nacionalista Galego felicítase que este camiño se poida andar. Ogallá se poida contar con todos, aínda que se mire así un pouco de esguello e con algunha que outra suspicacia, pero entende que esta pode ser unha vía moi proveitosa para toda a área metropolitana e, especialmente, para concellos que por diversos motivos, que non veñen ao caso neste pleno, non están entre os punteiros a nivel de servizos, a nivel de prestacións, a nivel de infraestruturas, como tristemente é o caso de Cambre.

Polo tanto, dende o Bloque Nacionalista Galego dánlle a benvinda a esta iniciativa. Gustaríalle que sabendo que había eleccións o 25 de setembro, este paso se tivera dado antes dos comicios autonómicos. Igual aí faltou un pouco de pericia por parte do alcalde da Coruña, por parte de Maria Pita. Tamén o tema de perder os fondos europeos, en fin, estas cousas que son así, que pasan na política.

Concedida a palabra a dona Maria José Garcia Hidalgo, concelleira do GM (C's), manifesta que ao seu grupo lle gusta, que se reduza o paso e do consorcio non haxa que pasar á mancomunidade, porque cre que a área metropolitana era á final o último paso e é o futuro.

Di que efectivamente foi unha declaración de alcaldes, ata aí chega. Pero si que lle gustaría que antes de presentala ao pleno que o señor alcalde insistise na posibilidade de que todos os partidos poidan ter representación, xa que segundo ten entendido, aqueles partidos que non teñen alcaldía non poderán ter, xa non fala de voto, nin sequera voz. Rogaría que trasladase este desexo dende os partidos que non terán representación de poder tamén participar aínda que sexa con voz e nada máis.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio, manifesta que por parte de Unión por Cambre está seguro que neste asunto se incorporarán todos, e cando di todos, non fala soamente dos grupos políticos senón que cre que tamén a Xunta vai a presentalo, neste caso na cabeza de Feijoo. A incorporación deste tema non remata nos concellos senón que acaba no Parlamento, quere dicir, polo tanto hai unha participación dos partidos políticos. Oxalá, oxalá esa sexa a última vez e rematemos conseguindo a área metropolitana nun prazo prudencial. É importante e necesario.

O señor alcalde manifesta que cre que cando foron os cento cincuenta e pico concelleiros a falar, cando lle tocou falar a el dixo claramente que era un primeiro paso para chegar a área metropolitana tamén o dixo alí, aínda que votou a mancomunidade porque naquel momento a Coruña non estaba disposta a entrar nunha mancomunidade.

A seguir, o señor alcalde contéstalle a dona Maria José Garcia Hidalgo que respecto do tema da voz, aínda haberá que regulalo e veremos como se regula e terán participación todos os que están aquí para decidir que ten que dicir Cambre a esa regulación, a esos estatutos, a todo isto que vai comezar o traballo. Cre que está ben e non esperar máis tempo nin enredar. Cre que todos os partidos, todos absolutamente todos, é necesario que aposten pola área metropolitana, fai falta todo o mundo, porque cre que é o mellor que lle pode pasar aos veciños de Cambre. E sen límites, ademais, que está agora con Carballo, con Cerceda. Cre que hai que comezar os que están e cre que levan moitísimos anos entendéndose, independentemente da cor política que governe en cada un dos nove concellos do Consorcio. Di que independentemente da cor política se entenderon para tratar o tema da recollida do lixo adiante. Aproveitando este entendemento, cre, que xunto coa Coruña que neste momento está de cara, levar a área metropolitana adiante vai ser moito máis fácil.

2º. Varios foron os plenos nos que dende o grupo municipal Popular se preguntou ao equipo de goberno de Cambre sobre as súas intencións respecto da biblioteca central de Cambre e a súa localización.

Fronte á proposta popular de trasladala dende o edificio que actualmente comparte co centro de saúde de Cambre e situala na casa modernista da Arrigada, coa que se aforrarían máis de 90.000 euros de custos de mantemento do actual edificio dando ademais contido ao mencionado edificio modernista (hoxe en día infrautilizado), a última das noticias referidas á biblioteca a colocaban nun baixo de titularidade privada situado á entrada de Cambre dende O Temple, do que xa se había encargado e realizado un estudo de viabilidade pagado con fondos públicos municipais e para cuxo arrendamento se asignaban as preceptivas previsións orzamentarias.

De aí que provocase sorpresa entre os nosos veciños a publicación nos diferentes medios de comunicación hai uns días, a noticia que informaba da expropiación do terreo coñecido como “dos Molina” situado xunto á casa do concello de Cambre. Nela, o concelleiro de Urbanismo, don Juan Leirós, informaba da inminente expropiación do citado terreo, afirmando que “resulta imposible a reconstrución da vivenda que está en ruínas ou levantar na parcela calquera outra edificación privada. Polo tanto, formulamos que a mellor solución sería que o Concello de Cambre expropiase a propiedade co fin de destinala a un uso público”. Segundo o publicado, o señor Leirós confirmou aos propietarios que o obxectivo do goberno local é manter a cualificación deste espazo como dotacional no PXOM que está en proceso de redacción; así como que “será unha zona de expansión dos equipamentos públicos e non haberá vivenda. A nosa idea é adquirir a parcela para facer máis dotacións con fins públicos, como unha biblioteca ou calquera outro servizo”.

Á vista da máis que evidente posibilidade de que produxese un cambio de localización da biblioteca central de Cambre, o grupo municipal Popular pregunta ao equipo de goberno sobre os motivos do cambio de localización a este novo espazo e as previsións ao respecto.

Concedida a palabra a don Ramón Boga Moscoso, concelleiro delegado da área de Cultura, Tradicións Populares e Deportes, manifesta que non se ten previsto levar a biblioteca central municipal ao terreo dos Molina.

Dona Rocio Vila Cid pregunta, entón, cal é o fin da expropiación.

Don Ramón Boga Moscoso contéstalle que é dotacional, como di o xuízo. É un xuízo analítico. De biblioteca ou outro dotacional.

Dona Rocio Vila Cid manifesta que a van a expropiar, pero non saben moi ben a que se vai a dedicar.

Don Ramón Boga Moscoso di que claro.

Dona Rocio Vila Cid di que outra pregunta.

O señor alcalde solicita un pouco de orde. Manifesta que é un rogo. É unha contestación e é unha réplica e se acabou o rogo. Exactamente como sempre.

O señor alcalde chama a orde a don Manuel Rivas Caridad. Continúa a dicir que a contestación é que a biblioteca non vai ir alí, tal como lle acaba de contestar o concelleiro. A biblioteca non vai ir alí. Vai a ser unha dotacional, que pode ser un aparcamento, poder ser unha biblioteca, pode ser doutro tipo.

Concedida a palabra a dona Maria Olga Santos López, voceira de Asemblea Cidadá de Cambre-SON, simplemente por puntualizar, porque o rogo do Partido Popular di “fronte á proposta popular de trasladala dende o edificio que actualmente comparte co centro de saúde de Cambre e situala na casa modernista da Arrigada”. Esta é unha proposta do grupo Popular, pero é unha proposta popular que é absolutamente lexítima tendo en conta que existe un acordo plenario que lle dota doutro uso, que se lle dará ou non, é dicir, se falará do uso que terá a Casa de Arrigada ou non. Fronte á proposta, parece que unicamente se fixo esa proposta, cando hai unha moción aprobada, non lembra agora mesmo con que calidade de maiorías, pero que cre que ten un pouco máis de peso esa moción que no seu momento presentara Esquerda Unida e a proposta popular era unha proposta que se pasou por alí o acordo plenario, que xa di, se lle dará esa dotación ou non, se poderá ver se efectivamente ese uso máis apropiado ou non, pero terá que ter un debate e un acordo plenario.

O señor alcalde manifesta que o tema da biblioteca, a pregunta era que uso se lle vai a dar a isto. Di que se vai a expropiar. No estado no que está, non se pode ter un terreo como está no centro de Cambre. O tema da biblioteca intentan buscar a mellor forma posible de dotar Cambre dunha biblioteca como se merece o centro de Cambre, niso están. Están a traballar niso, espera dentro de pouco darlles unha boa noticia con respecto disto.

3º. No pleno do pasado mes de xaneiro de 2016 o grupo municipal Popular presentou un rogo no que, sobre a base da primeira convocatoria para a selección de Estratexias de Desenvolvemento Urbano Sostible Integrado 2014-2020 (EDUSI), publicada na Orde do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas HAP/2427/2015, interesaba a explicación en sede plenaria dos motivos polos que se desperdiciou, por non dicir perdeu, a oportunidade de financiar proxectos beneficiosos para os nosos veciños en contía de ata cinco millóns de euros, por non concorrer, sequera, á citada convocatoria, ao non presentar un plan estratéxico de desenvolvemento urbano sostible, susceptible de recibir axudas dos Fondos Europeos de Desenvolvemento Rexional (FEDER).

No citado pleno, por parte do concelleiro de Urbanismo e do propio señor alcalde de Cambre, non soamente non se deron as explicacións pertinentes, senón que se tratou de confundir aos veciños pretendendo xustificar a non presentación unilateral de Cambre á primeira convocatoria (tal e como fixeron concellos como Culleredo e A Coruña), mediante a súa inclusión na conxunta presentada polo Consorcio das Mariñas, de imposible concesión.

Sesión na que incluso tivemos que escoitar como o señor alcalde de Cambre (dona Marta Maria Vázquez Golpe, concelleira do Partido Popular expón que ten que rectificar que neste pleno, se non lembra mal, foi o señor Leirós quen presidía a sesión) manifestaba que “se a Culleredo lle van a dar algunha subvención aínda haberá que velo, iso queda ahí, en suspenso, xa se verá”, ou respecto da postura de Culleredo “dende Cambre se considera que se están saíndo de nai” ou “o feito de que Culleredo chegue a acadar a subvención, insiste, xa se verá”.

O certo e verdade é que o Boletín Oficial do Estado de 3 de outubro de 2016 publicou como, entre outros, doce municipios galegos perciben 83 millóns de euros para o seu desenvolvemento urbano; entre eles, Culleredo, que consegue grazas ao proxecto presentado unilateralmente, máis de tres millóns de euros para proxectos de desenvolvemento urbano, en concreto tres millóns cen mil euros. Por outra parte, a proposta presentada polo Consorcio das Mariñas foi rexeitada por inadmisibile, segundo as bases da convocatoria.

Fronte a iso, o equipo de goberno co seu alcalde ao fronte manifestan que agora si se está a traballar dende o noso concello na segunda convocatoria para a selección de Estratexias de Desenvolvemento Urbano Sostible Integrado 2014-2020 (EDUSI); que cunha importantísima redución de fondos dispoñibles, dado que xa se repartiron o 70% deles, reducen considerablemente as expectativas do noso municipio ao respecto.

De aí que o grupo municipal Popular pregunte ao equipo de goberno sobre a marcha e contido dos traballos que se están a levar a cabo para optar, agora unilateralmente e cun evidente cambio de criterio, a esta segunda convocatoria para a selección de Estratexias de Desenvolvemento Urbano Sostible Integrado 2014-2020 (EDUSI).

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio, manifesta que, se llo permite o Grupo Popular, lle vai a contestar estilo presidente do goberno. Na primeira parte expositiva, xa se contestou no pleno de setembro a unha pregunta de ACdeC. Polo tanto, non ten moito máis que achegar e ademais esta discusión non achega absolutamente nada novo.

Continúa a dicir que respecto da segunda parte, se informou na última Xunta de Voceiros da situación na que estaba o tema da EDUSI. Manifesta que sente moito que o seu voceiro non lle comunicara cales foron as referencias que se lle deron e, a maiores do que se lles informou, lle di que van a estar convocados, probablemente para o día 7 de novembro para comezar o proceso da segunda EDUSI, que cre que é o suficientemente importante como para deixarnos de ver verificacións posteriores e porse a traballar na EDUSI, que é o que nos interesa a todos.

Concedida a palabra a dona Marta Maria Vázquez Golpe manifesta que certamente ten que dicir que lle decepciona bastante a resposta que lle dá o señor Leirós ao rogo do seu grupo. Decepciónalle porque aínda podería estar a tempo, dado que non se depuraron responsabilidades como o seu grupo esixía, e ademais

razoablemente, porque a cousa non é para menos, repite que lle decepciona, porque, cando menos, isto sería unha boa oportunidade para que se pedise desculpas a todos os veciños por esa negligencia que tivo neste importante asunto o equipo de goberno, pero negligencia, calquera se pode equivocar, calquera pode ter un esquecemento, calquera poder ter unha metedura de pata e todo o que queiramos. Aquí o que foi lamentable foron as mentiras e os enganados feitos polo grupo de goberno a todos os veciños de Cambre ao longo dun ano, dende que o grupo Popular solicitara por rexistro a primeira información nese sentido.

Continúa a dicir que o seu grupo está totalmente decepcionado pola resposta que acaba de dar o señor Leirós. Seguimos igual. E, ademais, como comentara o propio voceiro do seu grupo, precisamente hoxe coñecemos a perda dunha nova subvención para o Concello de Cambre de nada máis e nada menos que case 38.000 euros noutro plan de Deputación.

Polo tanto, diríalle ao señor Leirós que non está o alcacén para gaitas e que se poñan inmediatamente con este traballo. Tampouco lle vai a dicir que xa veremos o que vai a pasar, como dixo el no primeiro pleno con respecto a Culleredo. Ogallá Cambre poida recibir eses fondos, aínda que o ve complicado, pero dille que ogallá Cambre reciba eses fondos e lamenta moi profundamente a resposta do señor Leirós e todo o acontecido anteriormente neste asunto.

Concedida a palabra a dona María Olga Santos López, voceira de Asemblea Cidadá de Cambre-SON, quere facer unha mención concreta, xa non o tema de EDUSI, que concorda co señor Leirós que a día de hoxe si efectivamente se está a recibir información, entende que máis ou menos, a tempo real tal como están a suceder os acontecementos e tendo en conta o dilatado do proceso de formación do goberno que efectivamente tamén inflúe neste tema, pero si é certo que con este tema, a Asemblea Cidadá de Cambre considera que non se foi o suficientemente claro dende o principio, porque se deixou, dalgunha forma, de explicar ou de aclarar esa situación inicial que o seu grupo denunciou, comentou, que dalgún xeito, levoulles a ter un certo enfrontamento xa dende o mes de xaneiro, por se efectivamente se podía concorrer de forma conxunta e se iso era excluínte ou non era excluínte para poder facer unha convocatoria a nivel individual, que era o que o seu grupo reclamaba dende o principio, tamén tendo pouco idea de como funcionaba isto, porque o goberno acababa practicamente de chegar, cinco meses, esa información chegou de repente. Entendeu que o que faltara no seu momento foi previsión, tempo, atoparse con esta subvención repentina e o seu grupo o que quería dende un principio era deixar claro que, lendo as bases da convocatoria, si tería existido a posibilidade de concorrer de xeito individual nunha primeira convocatoria cun 70% dos fondos, unha cantidade moi importante, por iso se falaba sempre ata cinco millóns de euros, que non teñen porque ser os cinco, no caso de Culleredo foron tres e pico, non sabe canto, pero que non era excluínte con esa proposta do Consorcio.

Entón, o que si achaca ao equipo de goberno é que se deixou un pouco no aire, non sabe si voluntaria ou involuntariamente, a aclaración aos veciños de que efectivamente si se podía ter concorrido en primeira convocatoria e que, polo que fora, falta de tempo, falta de previsión, falta de capacidade, non se fixo. O que bota de menos é esa aclaración por parte do goberno, é dicir, si efectivamente imos concorrer a segunda convocatoria.

Di que esas declaracións que resalta o rogo do Partido Popular son declaracións, señor Leirós, que efectivamente constan en acta e dalgún xeito se menosprezou, ou esa foi a sensación que se daba, que se menosprezaba a candidatura de Culleredo dicindo xa se verá, se están saíndo de nai, ou considera que non deberían ir por este camiño e deberían ir polo outro e cando a realidade que nos atopamos agora mesmo, é que o proxecto do Consorcio, polos motivos que se explican, non acadou esa cantidade; non obstante Culleredo ten tres millóns e pico de euros para levar a cabo, mellor ou peor, un proxecto que foi o que presentaron.

Continúa a dicir que quería o seu grupo para Cambre. Evidentemente, e supón que o goberno tamén, poder ter chegado a capacidade de presentar unha convocatoria individual, pero si que agradecería que se aclarara que efectivamente houbo algo, que non foi unha decisión, así como que dá a sensación que quere deixar pasar, non

foi a primeira, imos a segunda, algo aconteceu. Hai que dar unhas explicacións e considera que isto é o que falta en todo este longo e aínda queda proceso da EDUSI.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que o Bloque Nacionalista Galego aproveita este rogo para manifestar loxicamente o seu pesar por unha realidade que é obvia e indiscutible a día de hoxe, Culleredo concorreu, o concello veciño, a un programa de subvencións e obtivo tres millóns de euros e Cambre non o obtivo.

Di que non recrimina, porque procura facer un exercicio de ponderación política, o camiño que emprendeu o goberno municipal, entre outras cousas, porque ten moi fresco na memoria aquel pleno e os días anteriores e posteriores. Di que, a nivel humano, dalgunha maneira, non era que lle sorprendera, pero si lle convenceu a contundencia coa que se manifestou dalgunha maneira, enténdase como o di, a fe no proxecto do Consorcio das Mariñas. A credibilidade nese proxecto. O certo é que por determinados motivos ese proxecto non é que fora mal avaliado, hai por exemplo Carballo quedou a catro puntos de entrar no bombo dos premiados.

Aquí o problema é que o proxecto do Consorcio das Mariñas non foi nin sequera admitido a trámite. Entende que isto non é cuestión do Concello de Cambre. El imaxina a película. Estivo estes días informándose de como funciona todo este mundo, que é un submundo bastante peculiar, onde operan empresas que, en fin, moitas veces son case lobbies e que algúns, a el chámalle moito a atención, sempre o di, a inmensa maioría dos concellos, entre comiñas, agraciados, teñen alcaldes que son xente con bastante experiencia en política, son raposos vellos, dito con todo cariño. Sorpréndelle o tema de que efectivamente, é dicir, no Consorcio. A súa pregunta é, que acepta, que vale, que non se conseguiu, que saíu mal, hai que tirar para diante. Por suposto. Pero quen fixo iso no Consorcio, quen levou adiante este proceso no Consorcio, quen dalgunha maneira nos embarcou a todos e resulta que o tema non estaba nin para incluír no portelo.

O que pide é que aí ten que haber algún tipo de responsabilidade. Tense que clarificar iso. Cando se fala moitas veces en debates como aquel de xullo que hai que saber como funcionan as administracións, ten que haber maior permeabilidade, maior control, fiscalización, etc. Aquí o certo é que un ente como o Consorcio, que non é a asociación de veciños de Meixigo, por dicir algo, concorre a un proceso europeo de subvencións cunha envergadura brutal e resulta que o tema non cumpre nin as bases para concorrer. Quen tomou esa decisión, quen fixo ese proxecto ten que ser perfectamente identificado e, dalgunha maneira, asumir, non fala de dimisións, pero si ter claro o que pasou, porque isto o que xera é unha desconfianza total na administración, neste caso o Consorcio non deixa de ser unha administración. Cre que iso é o mínimo que dende a oposición se debe pedir a ese respecto.

A seguir, don Juan González Leirós, manifesta, que intentará ser breve. En primeiro lugar, unha referencia a dona Marta María Vázquez Golpe, dicirlle que ela estea decepcionada a el non lle decepciona nin lle sorprende. É habitual. Que estea enfadada, tamén é bastante habitual. Menos mal que non é de Podemos, senón ao mellor sería unha activista violenta, case. Dille que non se perde o que non se ten. É imposible perder o que non se ten. En segundo lugar, negligencia. Neglixencia é o Brincadeira. Deixémolo aí.

Dille a dona María Olga Santos López que está de acordo. E dille a Daniel Rodríguez Carballada, que lle permitan que faga un bloque, non por nada, senón por concretar. Di que quizais non soubo explicar todo este proceso. Tampouco quixo explicar todo este proceso, porque lle parecía un pouco, e vai empregar unha expresión e pide desculpas a todos, enmerdar as conversas e quería tirar para diante.

Manifesta que este proceso é moi fácil e moi sinxelo. Hai unha empresa que se chama Eosa que se presenta no Concello de Cambre en xaneiro do ano 2015 a dicir que vai haber uns Feader europeos, empresa que fixera o Arume anterior, esta praza e a casa da Cultura. Chega ao concello e fala con alguén, imaxina que co señor alcalde, non o sabe, tampouco lle importa nin o vai investigar porque non é razón. Pasa o proceso. Pasan as horas. Ninguén di nada. Cando hai a transmisión de poderes, algo que tomaron cunha certa anormalidade nestes

procesos e debería estar vinculado e lexislado que debería de haber unha transmisión de poderes efectiva e eficaz, como pasa nalgúns sitios onde se dan os documentos e se fai un resumo da xestión para que o seguinte continúe a xestión; el concretamente o fixo en Ferrol, para que o Partido Popular que viña, ao seu concelleiro lle deu o que había para que o continuase. Non é persoal. Cre que o deberían de facer todos. Non se fixo.

Continúa a dicir que el estaba presente nese momento cando o señor alcalde actual chamou ao señor alcalde saínte e lle dixo de verse un día para este tipo de cuestións. Non apareceu ninguén. Nin o concelleiro de Obras, nin de Urbanismo. Non quería chegar a este tipo de límites nin de críticas. Chega o mes de novembro, se non lembra mal, e aparece o tema da EDUSI. É verdade que medio mes antes se presentara un señor, sen el sabelo moito, e o sente porque non está diante, e tampouco quere menoscabar, por isto o explica todo, que era o antigo concelleiro de Obras. Eosa presentóuselle quince días antes dicindo que se ían publicar as bases do concurso. En novembro, querían realizar este proxecto e de repente, para realizar este proxecto tes que ter instrumentos. E vai a dicir como. Culleredo ten un Plan xeral aprobado. Carballo ten un Plan xeral aprobado. A maioría das ideas para a EDUSI proceden do plan xeral, porque hai un estudo das características e das deficiencias que ten o concello. E en Cambre non hai nin plan xeral, nin ideas, nin sabe o que quere facer co concello, nin hai instrumentos necesarios. Polo tanto, falouse coa empresa para saber se se estaba a tempo. Dixeron que se se quería ir, pero está perdido, porque con estes vimbios, a cesta non hai maneira de montala. Co que preguntouse se na segunda fase da EDUSI se podían acadar os mesmos cinco millóns de euros. Díxose que si. Puxéronse a preparar os argumentos, os elementos para esta segunda fase. Pregunta quen aparece en medio. Aparece en medio o Consorcio e di que quere presentar un proxecto.

Con sinceridade, dille a don Daniel Carballada, xamais creu no proxecto Consorcio. É máis sabía que ao Consorcio nin o admitirían. Porque. Por unha cuestión elemental e básica. Porque isto é un tema de desenvolvemento urbano e o Consorcio estaba a presentar un proxecto de desenvolvemento rural e entón, aínda que eles entendían que había bases que entraban, non entraría xamais porque é un tema complexo. Decidiuse presentarse á segunda fase e iso é no que están agora. Cre que é o que importa agora mesmo. O día 7 convocábase para comezar o proceso cos partidos políticos que están aquí representados e os colectivos do concello, porque non teñen a capacidade de ser sinérxicos e, en vez de estar tirando sempre da corda cara atrás, nos poñemos a traballar, a poñer ideas, proposicións. Ogallá a teñamos todos. Ademais, cre que é o momento de ver quen propón e quen non propón. Este é o momento de propoñer. Propoñamos e fagamos a EDUSI competitivo nesta segunda fase.

O señor alcalde solicita por favor ao señor Leiros que rectifique na súa declaración cando di que dona Marta Maria Vázquez Golpe menos mal que non é de Podemos, senón ao mellor sería unha activista violenta, case. Non todos en Podemos. Rógalle por favor que rectifique e que retire esas palabras.

Don Juan González Leirós publicamente retira as palabras de violenta porque surxiu, pero non era esa a súa intención. Pide desculpas.

A seguir, o señor alcalde dille ao señor Rivas que non ten o uso da palabra. Di que é a segunda vez que o chama a orde. Repite é a segunda vez que o chama a orde, á terceira vez. Di que o señor Rivas queda expulsado. Dille que leve ao xulgado o que el queira. Aquí se cumpren as normas e dille que faga o favor de marcharse e que lea o ROM.

O señor alcalde manifesta que a desculpa ademais de a dona Marta Maria Vázquez Golpe cre que tamén lla debe a Podemos, porque parece como que o señor Leirós dixo textualmente "podía ser de Podemos unha activista violenta.

Don Juan González Leirós manifesta que non quixo dicir iso. Quixo dicir que segundo a interpretación que eles poden facer dese termo de podemos, podía ser unha activista violenta, quixo dicir a súa forma de pensar respecto deste tema. Cre que xa está aclarado e pide desculpas a Podemos.

O señor alcalde dille que sabe o que quixo dicir, pero non foi o que dixo. Por iso, lle pediu que o rectificara.

Rogos de ACdC-SON presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/125 o día 21 de outubro de 2016, xunto coa moción e as preguntas presentadas para este pleno.

1º Pode falar de anos, se quere referirse ao deterioro progresivo da coñecida como pista de tenis do Temple. A localización deste lugar é privilexiado na parroquia e, ademais de ofrecer unha imaxe lamentable do Temple, actualmente ten escachaduras, roturas, lousas levantadas, rampla de acceso desfeita e, incluso, situación perigosa para os usuarios da pista.

Prega a inmediata reparación destas deficiencias e o mantemento da pista.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da área de Servizos e Xuventude, manifesta respecto da primeira foto que se engade a este rogo que se presenta, foi amañado o propio venres, coincidindo co día de presentación do rogo. É dicir, non vira o rogo, senón que un veciño púxose en contacto co concello, chamou ao departamento de Servizos para comunicar que efectivamente había un buraco na rampla de acceso á pista e xa de inmediato se pasou a tapar o buraco.

En canto á segunda fotografía, que son unhas lousas levantadas nas inmediacións, manifesta que esas lousas pertencen a unha entrada dun garaxe que está regulada por unha licenza de vao. As licenzas de vao, segundo a ordenanza municipal, cre lembrar que é o artigo 10, di que os titulares da licenza, neste caso a comunidade de veciños, se ten que facer cargo de todos os danos causados pola entrada e saída dos seus propios vehículos, e que teñen que facer tanta obra ordinaria e extraordinaria como lle requira o concello, é dicir, estas lousas, en concreto, xa se falou coa comunidade de propietarios, quen sería a que teña que arranxalas.

Don Antonio Bruquetas Santos, concelleiro de ACdC-SON, quere facer unha pequena puntualización respecto de que se faga un pouco de reflexión en canto á axeitada reparación da rampla. É unha rampla que, non entrando a considerar se está ben ou mal dentro das normativas existentes, se se adecúa ou non se adecúa, o certo que a inclinación que ten é unha inclinación moi pronunciada e non é a primeira vez que teñen queixas por parte de usuarios en cadeira de rodas, en que é incluso dificultoso a entrada e saída desta pista.

Entón, neste sentido e aproveitando o rogo, ao mellor habería que reformular un pouco esta entrada facéndoa un pouco máis liviá no tema da pendente e, por outra banda, agradece a rápida execución das medidas.

Dona Elisa Pestonit Barreiros manifesta que efectivamente esta pista, ela lembra, naceu e vive no Temple, cando se fixo esta pista ela era pequena, se adecua aos criterios técnicos daquel momento. É certo que é unha materia pendente en case todo o concello é o problema que hai de accesibilidade con respecto non soamente a esta senón a varias. É un tema que están a tratar. Agora quere facerlle unha puntualización ela a don Antonio Bruquetas. Non é a pista de tenis do Temple. A pista de tenis do Temple é a do parque Ramón Barba.

2º Detectaron en diversos lugares do concello ramaxes de árbores que están en contacto ou próximas aos tendidos eléctricos.

Prega que sexan adoptadas as medidas necesarias para evitar o perigo existente naqueles casos que a proximidade das ramas ou a altura do tendido poden provocar problemas de seguridade ou de mala calidade de servizo eléctrico.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da área de Servizos e Xuventude, manifesta que cando se trata da iluminación pública a propia empresa Instelec xa se encarga cando detecta ou se recibe un aviso dalgún farol tapado, xa Instelec co mantemento se encarga.

Segue a dicir que cando é de Telefónica ou ben de Fenosa e se detecta que se fai, e vai poñer un exemplo que don Antonio Bruquetas coñece moi ben, que é o poste de Cela, o magnífico poste que fixeron o que fixeron de primeiras e se lles volveu requirir e, ao final, quedou como debería de estar. Esa é a maneira de actuar que se fai dende aquí.

Di que os traballadores de Instelec detectan moitos destes tendidos que están tapados polas ramaxes e tamén chaman moitos veciños. Rógalle que se algún día detectan algún sitio que se lle escapa, por favor, que llo comuniquen e o intentarán amañar canto antes.

Don Antonio Bruquetas Santos manifesta que normalmente sempre o procuran facer así, ben porque o chaman os veciños ben porque o ven eles. Procuran comunicalo ao concello e mandalo por rexistro o que sexa necesario. Este rogo o presenta porque o fixo xa hai unha semana ou dúas case. Naquel momento, tiña uns puntos moi claros pero decidiu non poñer fotografías por un motivo. Porque pensaban que a día de hoxe terían moitos máis detectados, como hoxe mesmo así foi. Aparte dos que xa coñecemos, detectaron algúns en Cecebre, Pravio, Anceis, San Lorenzo, máis en Cela, non na zona da que se estaba a falar antes.

Di que daquela, ao mellor, o que hai que facer é requirir a Instelec ou ás empresas afectadas algún tipo de estudo, algún tipo de medida conxunta de todo o concello porque o principal problema deste punto ben dada tamén pola antigüidade dos propios postes que suxeitan as liñas. Moitos deles están torcidos, pendentes de caer, teñen algunha problemática deste estilo. Co obxectivo de non ter problemas eléctricos e, sobre todo, na parte máis rural do concello, se ten que intentar minimizar. Por iso este rogo para que se requira ás empresas que fagan un estudo de como están e solucionar todos estes tendidos que non son, en calquera caso, poucos.

3º Na beirarrúa de acceso IES David Buján observan que existen varios colectores de lixo que ocupan unha grande parte dela, obrigando aos viandantes a sufrir a incomodidade da súa situación, entre eles, os propios usuarios do IES.

O tránsito vese complicado cando chegados á altura dos citados colectores o paso entre unha cadeira de rodas ou un carro de bebé e unha persoa faise imposible de salvar, poñendo en perigo aos transeúntes e especialmente aos rapaces e rapazas cando se cruzan se ven obrigados a botarse fóra da beirarrúa co conseguinte perigo polo exceso de velocidade dos vehículos en dito punto.

Prega que o goberno tome en conta este rogo e estude a situación dos citados colectores por se fose susceptible de ser cambiada para a mellora do uso dos peóns e da súa seguridade.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da área de Servizos e Xuventude, manifesta que por parte da Policía Local, a concellería de Seguridade Cidadá están a facer un informe de todos os sitios onde os colectores impiden o paso.

Don Antonio Bruquetas manifesta que xa presentaran en decembro do ano pasado un rogo por un motivo parecido. Este de hoxe, é un pouco derivado doutro. Naquel caso, falaba do exceso de velocidade na rúa dos coches. O señor Leirós dixo que co tema do tráfico se poñería un radar e se verían os resultados. Non ten ningún informe nese sentido.

Quere poñer de relevo que nesa zona do concello con especial afluencia de nenos, persoas que camiñan, o río queda tamén preto, é un paso tamén para camiñantes, se debería ter unha maior previsión de cara aos posibles problemas de seguridade viaria que existan. Polo tanto, solicita que se faga tamén este estudo, que xa

demandaron no seu momento, de puntos negros, de situacións perigosas de tráfico, e que se poñan un pouco entre comiñas as pilas neste sentido, porque pensa que é un tema bastante importante e máis no verán, o tema do colexio está un pouco máis parado, pero agora no inverno se activa e volve ser un pouquiño máis importante.

4.3. Preguntas

Preguntas de ACdC-SON presentadas por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/125 o día 21 de outubro de 2016, xunto coa moción e os rogos presentados para este pleno.

1ª A formación cara a busca de emprego é un dos necesarios obxectivos a perseguir actualmente, tendo en conta os índices de desemprego e a precariedade laboral. Neste sentido, ACdeC pregunta:

Cal é a porcentaxe de persoas que, despois de realizar algúns dos cursos de formación que se imparten no concello, atoparon emprego na mesma especialidade dentro dos seis meses seguintes ao remate deles?

Concedida a palabra a dona Leonor Fernández Grande, concelleira delegada da área de Desenvolvemento Socioeconómico, manifesta que o seguemento do alumnado se realiza entre seis meses e un ano, unha vez rematada a formación. Neste ano avaliáronse dous dos cursos impartidos, os cales tiveron moita demanda. Dentro do obradoiro de emprego, a atención sociosanitaria 2015, aos sete meses de rematar a formación, de 22 alumnos que comezaron, 21 remataron a formación. Traballan no sector 14 na ocupación, o que sería un 66,67%, e un deles noutro sector. No curso de soldadura TIG no plan municipal 2016, aos tres meses de rematar avalíouse e de 15 alumnos, remataron 12; 6 están na ocupación, o que sería un 60%, 2 noutro sector, 2 non traballan e 2 non se deron localizado.

2ª Teñen coñecemento do mal estado no que se atopa unha marquesiña, da que achegan varias fotografías que se atopa na estrada de saída de Cambre cara a Barcala. Os seus laterais están rotos e mesmo debaixo do banco hai cristais que son perigosos para os usuarios. Esta situación na que se atopa a marquesiña non é recente, senón que xa leva tempo deteriorada.

Poden informarnos das accións realizadas ou previstas para substituír a citada marquesiña?

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da área de Servizos e Xuventude, manifesta que en canto aos cristais, evidentemente, xa se avisou á empresa que se encarga da seguridade viaria. En canto á marquesiña, di que é unha marquesiña da Deputación, igual que ás dúas ou tres que hai nesa estrada. Tamén se lle deu aviso á Deputación para que pasen a repoñelas.

3ª Moitos dos veciños e veciñas de Cambre teñen a ilusión de contraer matrimonio nun edificio do Concello, que por motivos persoais teñen un significado especial para eles, aínda que os custos sexan, ás veces, superiores a outros métodos. Polo tanto e vendo esta demanda como xusta preguntan:

Poden estudar a redución das taxas por matrimonio e sopesar a posibilidade de habilitar Vila Concepción para estes eventos?

Concedida a palabra a don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, concelleiro delegado da área de Recursos Humanos e Servizos Sociais, manifesta que, en principio, o estudarán e que lle responderán no seu momento. Estivo a falar coa secretaria respecto dos edificios municipais dentro do que establece a normativa di que ten que ser un local que manteña unhas condicións de decoro, polo que, Vila Concepción, en particular, podería ser unha opción. Di que respecto das taxas, estivo a falar co interventor, quen di que prefire explicalo el.

A seguir, concedida a palabra ao señor interventor, manifesta respecto do tema das bonificacións nas taxas, sobre todo para bonificar aquelas persoas con menores recursos, a Lei de facendas locais non é moi partidaria de establecer bonificacións fóra daquelas que están establecidas pola lei ou polos tratados internacionais, sobre todo en tributos, é moi limitada.

Expón que para establecer as bonificacións acóstumase a interpretar o artigo 18 da Lei de taxas e prezos públicos 8/89, que pon en relación o 18 co 8 e que di que as taxas se terán que ater á capacidade económica.

Terían que facer un estudo para avaliar ata que punto bonificar unha taxa como é a de matrimonio e ata que límites poderían estruturalo para bonificar esa taxa. A estrutura agora mesmo está pensada para repercutir os gastos que se supón que o concello incorre en ter abertas as dependencias municipais, o gasto que lle produce e ata que punto que persoas se poderían beneficiar desas taxas sería motivo dun estudo, non barallalas porque si, porque o gasto si que se produce a todo o mundo e máis, se se fai fóra das dependencias municipais, como é en Vila Concepción, que habería que desprazar a alguén alí para abrir nese momento, adecuar a estrutura de Vila Concepción para unha voda.

O señor alcalde manifesta que sente moito o espectáculo que se deu hoxe outra vez. Di que hai unhas normas. O Regulamento orgánico municipal é o que hai, xa o dixo moitas veces, cando se queira se cambia, séntanse e intentan cambialo para o que sexa. Non é verdade que o que fai o rogo é o último en intervir, en ningún lado aparece, os que estiveron no cambio do regulamento o saben, isto é así. Non ten a capacidade de ser o último en falar, senón que hai un rogo, hai unha intervención, hai unha réplica e estas son as regras do xogo.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e unha horas e corenta e cinco minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral

Maria Luisa de la Red Ampudia